



GARCIA MEDICO DENTISTA



Colección COÑECER
Santiago, cidade educadora

Nº 7. Abril 2017

O SOÑO ROTO

Educación, sociedade e política
na Compostela republicana

Edita

Departamento de Educación e Cidadanía
Concello de Santiago

Concelleiro de Educación e Cidadanía

Manuel Dios Díz

Coordinación da colección

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Autores

Alfonso Iglesias Amorín / Emilio Grandío Seoane

Imprime

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Depósito legal: C 581-2017

O SOÑO ROTO

EDUCACIÓN, SOCIEDADE E POLÍTICA
NA COMPOSTELA REPUBLICANA

ALFONSO IGLESIAS AMORÍN / EMILIO GRANDÍO SEOANE



[...] o avó Amaro, patriarca dunha xinea de tres que crebara polo medio como unha vara seca [...] e, inmobilizado no sofá, inchábase como un sapiño ao tempo que aloumiñaba, cos ollos evadidos, a lembranza amargue do Ateneo, do Coro, do Casino Republicano, dos cadros de declamación, romances de Blasco Ibáñez, obra mestura de Vargas Vila, Zamacois e Curros Enríquez.


Xosé Luís Méndez Ferrín, *No ventre do silencio*.

Mais as ordes son palabras, Casal, palabras. E ti acreditaches nas palabras escritas, faladas, e por iso estás agora neste carro que atravesa a noite de Santiago, e esas badaladas da catedral que estás a oír han ser as últimas que escoites, tamén tocaron as doce do mediodía cando asaltamos o teu prelo, Casal, botamos fóra ós empregados e fixemos unha morea de libros e papeis no medio da rúa do Vilar. Queimámolo todo, Casal, os teus libros, as revistas, a propaganda, todas as palabras en que ti crías. Se viras como ardían as palabras, Casal, arden moi ben, é o que primeiro se consome.

Suso de Toro, *Home sen nome*.

Falar de Compostela nos anos trinta é falar de modernización, de cambio, de progreso. Falar dunha cidade levítica na que se formaban as mellores cabezas do país. O berce da renovación do ensino. Cambio social e de mentalidade durante o primeiro terzo do século XX que levou a un cambio político, a esperanza de moitas xeracións, truncada de xeito tráxico. Referencia permanente a partir daquela. As páxinas que tedes diante queren achegar unha foto fixa daquela Compostela, un espazo urbano de enorme simbolismo, na tentativa de conectar do xeito máis directo posible aquel pasado con este presente cargado de futuro.

Mapa da cidade de Santiago en 1945, cando aínda tería unha estrutura moi semellante á da cidade republicana.



VIVIR NA COMPOSTELA REPUBLICANA

Santiago de Compostela era a terceira cidade máis poboada de Galicia. Despois dun século XIX de perda de poder e influencia no contexto galego, nos anos da Restauración borbónica (1875-1923) a cidade volveu coller pulo. En tempos de crecemento económico e poboacional, aínda que a conxuntura económica (derivada do crac bolsista de 1929) non era a mellor, Santiago pasou de ter preto de 43.000 habitantes a superar os 55.000 ao longo da década de 1930. Só na súa poboación urbana aumentou de 32.000 a 42.000 persoas.

O proxecto de modernización que protagonizaba a nova democracia republicana levou emparellados diversos cambios en moitos ámbitos, pero a vida cotiá tiña os seus tempos. Os costumes máis arraigados na cidade seguiron a ser os seus elementos definidores. Un bo exemplo son os paseos polas Rúa do Vilar ou o Parque da Alameda, rutinas indispensables para entender o tecido de relacións sociais compostelás. Na Alameda vaise deixando de lado a estrutura clasista dos paseos, onde a nobreza utilizaba o espazo central, burguesía e clases baixas os laterais, e clero e elites o su-

Café Casino, na rúa do Vilar. Fundado en 1873 e famoso lugar de tertulias que aínda conserva moito do seu aspecto orixinal.




perior. Mais aínda se lembraban estes usos e non deixou de ser un lugar importante para conversar e coñecerse. Conformaba un lugar simbólico referencial: o control dos espazos urbanos.

Ademais das rúas e parques, era nos diversos locais onde os composteláns tiñan a ben xuntarse. Entre os máis populares podemos salientar o Café Casino, na rúa do Vilar, que aínda conserva de xeito impecable o nome e o aspecto que tiña naquel entón, e que era un lugar coñecido polos seus faladoiros ou polos bailes, aos que, pola concorrência, había que apuntarse de xeito previo. Outro popular punto de encontro que mantén a súa identidade na actualidade era o Derby, que abrira en 1929 e que tiña entre a súa clientela médicos, avogados e funcionarios, acollendo ademais un activo faladoiro que frecuentaban figuras da cultura como Rafael Dieste, Valle-Inclán, Carlos Maside, Domingo García-Sabell ou Luís Seoane. Tamén salientaba El Asesino, fundado en 1873 e que daba comidas desde 1877; ou o Gran Café Español, situado nos números 37 e 39 da rúa do Vilar e con capacidade para 400 persoas sentadas, e que segundo a publicidade da época ofrecía merendas, cocktails, limonadas, laranxadas, xeados e refrescos.



Rótulo do restaurante Asesino.



Bosquexo de rótulo para o Gran Café Español.



Café Derby

Hotel Compostela e Quiqui -Bar, na actual Praza de Galicia, daquela coñecida como Praza de Pablo Iglesias.



O Hotel Suízo, situado no número 18 da rúa Cardeal Payá, era nos anos da República un dos mellores establecementos hostaleiros da cidade e nel aloxáranse visitantes ilustres como Alfonso XIII, Ernest Hemingway ou Gonzalo Torrente Ballester.



Levando os porcos á feira de Santa Susana (Ruth Matilda Anderson, 1924).

As novas de prensa salientaban tamén os banquetes, xuntanzas que se realizaban co obxectivo de abordar temas de importancia, xeralmente de relevancia política e social na cidade. Non era un elemento que creara a República nin moito menos, senón un xeito de socialización política. Valla como exemplo o que se realizou no Hotel Compostela o 3 de xullo de 1932 cos delegados para a Asemblea de Concellos no que se debateu o Estatuto de Autonomía. Este hotel, inaugurado en 1930 e situado entre as daquelas chamadas rúa do 14 de Abril e Praza de Pablo Iglesias (actuais Fonte de Santo Antonio e Praza de Galicia), converteuse durante os anos republicanos no principal escenario destes banquetes, xunto aos que se realizaban no Hotel Suízo ou no salón-biblioteca do edificio da Universidade.

A contorna rural compostelá en moitas ocasións semellaba fundirse coa propia cidade. Daquela a zona urbanizada limitábase ao espazo do casco antigo, rúas do Hórreo, Senra ou Xeneral Pardiñas, e as de Curros Enríquez, López Ferreiro ou Eduardo Pondal. O centro da cidade víase con frecuencia sobrepasado polo mundo rural, como acontecía os xoves coa tradicional feira na carballeira de Santa Susana. Nestas datas



Antiga estación de ferrocarril en Cornes.



os paseos das elegantes donas da cidade conviñan coas recuas de tenreiros e porcos polos que os donos trataban de sacar un bo prezo.

En canto aos transportes, a estación de ferrocarril seguía aínda daquela a estar en Cornes. Dende alí as carrilanas trasladaban os viaxeiros cara ao centro da cidade. A vella estación de ferrocarril formaba parte do concello de Santiago dende o ano 1925, no que se absorbera o termo municipal de Conxo. Proxectábase unha nova, máis céntrica, que a través da Rúa do Hórreo permitiría conectar directamente coa entrada ao centro da cidade. Mais houbo que agardar ata uns anos máis adiante (1943) para vela realizada.

Outro medio de transporte básico para chegar ata a cidade eran os autobuses, negocio que copaba na zona a empresa Castromil, que tiña a exclusividade nas principais rutas: A Coruña (con seis traxectos diarios), Vigo (catro traxectos), Ourense e Pontevedra (dous traxectos) e Betanzos, Noia ou Carballo (un traxecto). A parada central atopábase na praza de Pablo Iglesias (actual Praza de Galicia), no emblemático edificio modernista do Quiqui-Bar, que a empresa adquiriu en 1929 e que sería derrubado en 1975. Outras empresas con rutas a diferentes localida-



O edificio Castromil, rematado en 1926, é un dos símbolos do Modernismo galego. Era un deseño do arquitecto coruñés Rafael González-Villar, autor do Kiosco Alfonso da Coruña. Foi derrubado por decisión da Corporación municipal en 1975, en contra da opinión do Colexio de Arquitectos e de moitos sectores da cidadanía de Compostela.



Edificio Castromil arredor de 1935. Anteriormente tivo o nome de Quiqui Bar, e contaba con casino, cinema e café-bar.

Autocar da empresa
Castromil, principal encargada
do transporte
público na Compostela
deses anos.



des de Galicia eran Celta, García Guillén, Centro de Transportes, La Estradense ou Freire.

Pola súa actividade económica, non hai dúbida de que Compostela era unha cidade de servizos, especializada no pequeno comercio, ensino ou sanidade. Entre os establecementos comerciais, a oferta era variada, incluíndo bixuterías, tendas de roupa e tecidos, estancos, ferraxarías, librarías, mercerías, tendas de alimentación, perfumarías, reloxarías ou zapatarías, entre outras moitas.

No caso da sanidade, está claro que Santiago era a capital da medicina galega. Compostela centralizaba a educación e a investigación médica en Galicia, grazas á actividade que irradiaba a Facultade de Medicina. Ao prestixioso Hospital Xeneral Provincial, situado no edificio do antigo Hospital Real na daquela Praza da República (actual Praza do Obradoiro), había que engadir outros centros como os hospitais de San Lázaro ou San Roque. A oferta sanitaria completábase cos sanatorios privados (Baltar, Varela Radío, Villar ou Martínez de la Riva), algúns dos cales gozaban dun notable prestixio. O fundado polos doutores Baltar Cortés e Varela Radío foi o primeiro sanatorio cirúrxico de Galicia, aberto en 1908 como resposta á demanda social por contar cos adiantos diagnósticos e tera-



Sanatorio dos doutores Baltar
Cortés e Varela Radío, un dos
máis prestixiosos da cidade.
Situado nun edificio moder-
nista entre as rúas Carreira do
Conde e Xeneral Pardiñas.

péuticos, superando as intervencións cirúrxicas que daquela se realizaban con frecuencia a domicilio. Por outra banda, o sanatorio do doutor Manuel Villar Iglesias foi un dos pioneiros da uroloxía en Galicia.

O sector primario seguía a ter bastante importancia na cidade, motivado polo comercio desa ampla área rural que a rodeaba. Mais o sector industrial era o de menor importancia. A estas alturas difumináranse sectores fabrís con certa puxanza no século XIX como os curtidoiros, que entraran en crise ao non adaptarse aos métodos rápidos de curtido e perder competitividade.

O crecemento e modernización da cidade tamén facía preciso sacar o cemiterio do centro urbano. En 1934 rematou de construírse o novo cemiterio municipal de Boisaca e comezou o seu traslado dende Bonaval, feito que non se completaría ata varias décadas despois.

Boa parte das medidas da maioría dos gabinetes ministeriais republicanos impulsaron o laicismo. Isto tiña que notarse dun xeito obrigado nunha Compostela na que a influencia da Igrexa era determinante en todos os ámbitos do cotián social. As tradicións continuaron. Os oficios relixio-



A industria dos curtidos perdeu a puxanza que tivera no século XIX. Fábrica de curtidos de Santiago, 1920. Fotografía de Ksado.



Plano do cemiterio municipal de Boisaca, 1919.



Proxecto de nichos, 1934. Arq. José M^a Banet (AHUS, AM 2055 exp. Boisaca)



Cemiterio de Bonaval nos anos 40, cando aínda non fora abandonado.



Retrato de “barraca”,
representativo das festas
populares da época.

sos seguiron rexistrando a mesma asistencia. Onde si se percibiron cambios foi no descenso das peregrinacións tras anos de crecemento, ou na participación da autoridade civil en celebracións de carácter relixioso que ata entón estiveran vinculadas ao poder político. Así sucedeu coa Ofrenda ao Apóstolo do 25 de xullo, que deixou de ser presidida polas autoridades civís: en 1934 a ofrenda realizárona os cabaleiros da Orde Militar de Santiago, e en 1935 a Congregación de Cabaleiros de Nosa Señora do Pilar. Ambas coincidindo con gabinetes de dereita en Madrid. Ante a negativa do Goberno republicano a custear a ofrenda, a Liga de Amigos de Santiago e a Arquiconfraría do Apóstol Santiago acordaron coa Asociación de Señoras Católicas recadar fondos de doazóns particulares. A implicación da xerarquía católica na política activa da II República era un feito: a organización máis representativa da dereita nestes anos, a CEDA, era «o partido dos curas».

Malia este distanciamento dos poderes político e relixioso, en Santiago non se rexistrou case violencia anticlerical. Apenas houbo que lamentar incidentes. A isto axudou o labor do alcalde Rai-

Carteis das festas do
Apóstolo de 1931,
1934 e 1935.





mundo López Pol, que en contadas noites mesmo estableceu unha «garda cívica» para protexer o patrimonio eclesiástico e evitar incidentes. Aínda así, foron anos difíciles para un Arcebispado que ademais viviu cambios, pois en 1933 morreu o arcebispo Zacarías Martínez Núñez. A sede quedou vacante, sendo administrada polo arcebispo de Tui ata que en 1935 foi nomeado Tomás Muñiz Pablos.

As Festas do Apóstolo eran –e son– a festividade compostelá por excelencia. As institucións republicanas intentaron converter a xornada grande no Día de Galicia, vinculando ambas celebracións, confesional e laica. A procesión cívica dende o Obradoiro ata a estatua de Rosalía sita no parque da Alameda era un dos aspectos máis visibles desta celebración. Complementábase con diversas actividades como concursos de contos para os máis cativos, no obxectivo da galeguización. A gran festa da cidade mantivo tradicións como o espectáculo pirotécnico da noite do 24 de xullo –que incluía a queima da fachada mudéxar, os pasarrúas de xigantes e cabezudos ou as bandas de música. Mesmo se recuperaron as corridas de touros en prazas provisórias de madeira sitas na Alameda, concretamente nas Festas do Apóstolo de 1933, 1934 e 1935.

CULTURA E MODERNIZACIÓN

Nos anos da II República, Compostela foi testemuña dalgúns fitos da modernización e a cultura galega como a primeira emisora de radio ou a principal imprenta en galego deses anos, a Imprenta Nós.

Un dos maiores símbolos do progreso e a cultura da Compostela republicana foi a estrea das



Xigantes
Fotografía: P. Mas, 1922.



O profesor galeguista Xosé Mosquera Pérez foi unha das figuras máis destacadas dos comezos de Unión Radio Galicia co seu famoso personaxe «O vello dos contos».



Carteis publicitarios do Estatuto de Autonomía de Galicia, que se votou en 1936.

emisións radiofónicas, co establecemento da coñecida como Unión Radio en Galicia ou Unión Radio Gallega. Foi iniciativa dun grupo de galeguistas coincidindo cos traballos de elaboración do Estatuto de Autonomía republicano, sabedores da importancia que podía ter unha emisora de radio para promover e difundir o sentimento autonomista. Así queda recollido nos textos da Liga Compostelana Pro Estatuto:

«Quiere la naciente entidad ofrecer a sus convecinos, más que esperanzas, realidades, y siente ávidos sus entusiasmos por el éxito de las primeras gestiones a favor del establecimiento de una estación radioemisora instalada y dirigida por “Unión Radio” que actuará sobre toda la región, llevando a ella los ecos de la vibrante tensión de nuestro pueblo ante el resurgimiento de Galicia».

O 8 de decembro de 1932 a II República daba vía libre á instalación en todo o territorio do Estado de emisoras de pequena potencia. Ese mesmo ano, co apoio de Telefónica, vaise facer a primeira retransmisión radiofónica de Galicia, entre Santiago e Bos Aires, para informar ó colectivo de galegos na Arxentina (a través da canle Radio Splendid) sobre o Estatuto que ía ser tratado na Asemblea de Concellos. A inauguración oficial da emisora, rexistrada como EAJ4 Radio Galicia, tivo lugar o 15 de xaneiro de 1933. Aínda que o seu éxito estivo algo limitado pola escaseza de receptores que aínda había daquela, e tivo problemas de financiamento, esta emisora supuxo un fito na sociedade compostelá. Dende mediados de 1933 foron frecuentes as retransmisións musicais, xeralmente gravadas nos cafés da cidade. En 1935 radiáronse por primeira vez os actos relixiosos do 25



de xullo, polo que a famosa Misa do Apóstolo dese ano puido ser escoitada en toda Galicia. Case toda a emisión centrábase no horario da sobremesa, entre as 14.30 e as 16.30 horas, mais co tempo incrementáronse os horarios de emisión.

Orixinalmente os técnicos pensaron en instalar as antenas na torre da Igrexa de Santo Agostiño, pero tras varios estudos finalmente montáronse no patio do Convento de San Domingos de Bonaval. Os seus estudos, en principio de xeito provisorio nos locais da Cámara de Comercio, pasaron antes de rematar o mes de xaneiro á praza da Universidade, 5, 1º. Como é doado de intuír, a defensa do Estatuto de Autonomía converteríase nun dos seus principais obxectivos. A campaña neste senso foi especialmente intensa nos seus inicios, en 1933 e, sobre todo, na primavera de 1936 cando se deron os pasos definitivos para a aprobación do texto.

A irrupción das ondas, dos novos medios de comunicación, representou un salto espectacular nas relacións sociais. Os hábitos convivenciais mudaron ante a hora da recepción dun programa de radio ou da emisión dunha película no cine. Este último continuou a evolucionar na cidade. Había diversos cinematógrafos, como o da Casa Social, o Salón Teatro ou o Teatro Principal. Neste último presentouse por primeira vez o cinema sonoro na cidade, concretamente o 12 de abril de 1930 co filme *El loco cantor*. Xestionado polo empresario Isaac Fraga dende 1915, foi o único que mantivo unha carteleira cinematográfica de xeito continuo, ata que en 1935 foi inaugurado o Cine Capitol na rúa Concepción Arenal. Este cinematógrafo rachaba cos vellos canons teatrais que caracterizaban o resto de salas de Compostela, e ofrecía novidades sorprendentes para a época,




Salón Teatro na Rúa Nova. Inaugurado en 1920, ofrecía números de prestidixitadores e malabaristas, cinema, teatro, conferencias, veladas benéficas e mitins políticos.



No Teatro Principal en 1930 presentouse por primeira vez o cinema sonoro na cidade co filme *El loco cantor*.



Camilo Díaz Baliño. Destacado artista gráfico e unha das figuras máis salientables da cultura na Compostela dos anos 30, que sería «paseado» nos comezos da Guerra Civil.




Cuberta da revista *Nós*, publicación cultural fundamental do nacionalismo galego.

como efectos de luz en tonalidades salmón, verde, violeta, azul e ámbar, ou unha coidada acústica. Ata 1949 o Capitol sería o principal cine da cidade.

Entre os fitos culturais da Compostela republicana ocupa un lugar privilexiado a Imprenta Nós, da que saíron múltiples obras en galego e diferentes publicacións periódicas, como a propia revista *Nós*. Aquí tamén se imprimía dende decembro de 1933 o xornal *Claridad*, que se definía como «semanario de izquierdas para toda Galicia». O principal impulsor desta imprenta foi Ánxel Casal, que se trasladara a Santiago en maio de 1931, instalándose no baixo do número 20 da rúa das Hortas, onde vivira Camilo Díaz Baliño. A imprenta trasladouse logo ao número 15 da Rúa do Vilar, onde estaría ata 1936. Este novo espazo, máis amplo, converteuse nun lugar referencial da cultura compostelá e galega, polo que pasaban figuras como Camilo Díaz Baliño, Luís Tobío, Antón Fraguas, Sebastián García Paz, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, Álvaro de las Casas, Luís Manteiga, Aquilino Iglesia Alvariño, Eiroa ou Carlos Maside. Tamén Castelao, Otero Pedrayo ou Ramón Cabanillas cando se achegaban a Santiago. O escritor Álvaro de las Casas describía así a imprenta:

«El número 15 de la rúa del Villar, en Compostela, señala una casa de noble traza ante la cual los eru-

Cabeceira da revista *Nós* deseñada por Castelao.






O prelo do *Eco de Santiago*, un dos principais xornais da época en Compostela, situado na Rúa Nova.

ditos olfatean aromas de tipismo y los estudiantes curiosean títulos e índices. En los bajos de esta casa está establecida la editorial «Nós». Una librería sencilla y bien dispuesta, en la cual no falta nunca tertulia de rapaces galleguistas, y al fondo una imprenta humilde como esas que se usan en las villas para editar semanarios político-literarios».

A revista *Nós* ía continuar imprimíndose nese local ata que estoupou a Guerra Civil. Os números do 139 ao 144 (de xullo a decembro de 1935) impresos nos meses de verán de 1936 quedaron sen distribuír.

Nós foi a máis emblemática imprenta compostelá deses anos, pero por suposto non a única. Outros prelos destacados foron os dos xornais *El Compostelano* (no número 20 da Rúa das Orfas) ou *El Eco de Santiago* (no número 13 da Rúa Nova). Tamén tivo imprenta propia o xornal católico *El Eco Franciscano*, editado no mesmo convento de San Francisco. Ademais, na cidade editáronse algunhas publicacións periódicas de carácter científico, relacionadas sobre todo coa investigación médica, como a *Revista de Farmacia* ou a *Revista Médica Gallega*.



Imprenta *El Eco de Santiago* (1934).



Cabeceira do xornal *El Compostelano* en 1931.



A Rúa do Vilar en 1935. O prelo de Casal ficaba baixo os soportais da dereita.

«O que devecía por achegarse ás máquinas entre os cinco operarios a luxarse de tinta, o seu pracer, e a fedellar nas dúas ou tres minervas, unha guillotina e unhas modestas caixas de tipografía [...] Un taller simple e pobre». (Luís Seoane).

Debuxo de Luís Seoane ilustrando a tertulia da editorial Nós, na que están Antonio Tenreiro, Francisco Fernández del Riego, Brañas, Ánxel Casal e Álvaro de las Casas.



Placas en recordo do
legado de Ánxel Casal e a
imprenta e editorial Nós,
no número 15 da Rúa do
Vilar en Santiago.





Construción da Residencia de Estudiantes no ano 1934, un antes de que remataran as obras.



Un dos pavillóns da Exposición Rexional de 1909.

Nos terreos que se achaiaran para a Exposición Rexional de 1909 ergueuse o edificio da Residencia de Estudiantes.

Un dos feitos máis lembrados do mundo cultural compostelán deses anos foi a morte dun dos máis ilustres escritores que viviu na cidade: Ramón María del Valle-Inclán. Todo un clásico nas tertulias compostelás, seguiu participando nelas na súa convalecencia na consulta do doutor Villar (número 21 da avenida 14 de abril, hoxe Fonte de Santo Antonio). Alí estivo recibindo coidados entre novembro de 1935 e o 5 de xaneiro de 1936, data da súa morte. Os seus restos foron levados ao cemiterio civil de Boisaca, nun enterro multitudinario deslucido por unha tromba de auga. Pouca xente estivo presente no derradeiro acto, cando se deron conta de que a caixa de Valle-Inclán levaba unha cruz. Un mozo botouse sobre ela para arrincarlle, saíndo da fosa cuberto de barro e deixando a caixa medio rota. Un final propio do mestre do esperpento literario, de persistente pegada na cidade.

A EDUCACIÓN

O ensino foi unha das prioridades dos poderes políticos republicanos. Tamén en Compostela. Para a institución educativa por excelencia da cidade, a Universidade, foron anos de notable





actividade, de crecemento en alumnado e dotación de infraestruturas. Para entender a traxectoria da Universidade compostelá destes anos resulta imprescindible citar aquí a figura de Alejandro Rodríguez Cadarso, o médico que se converteu en reitor en marzo de 1930. Durante o seu mandato iniciouse a construción da nova residencia universitaria, déuselle un notable pulo á investigación e ao ensino experimental. Creáronse bibliotecas específicas de facultade, así como os Servizos de intercambio de publicacións. Durante a súa dirección tivo lugar tamén a galeguización da institución: nela ondeou por primeira vez unha bandeira galega –inauguración do curso 1931-1932–, apoiouse o Seminario de Estudos Galegos e houbo unha maior implicación en temas relacionados con Galicia, co inicio en 1932 de cursos específicos de xeografía, historia, literatura e lingua galegas promovidos pola Xunta de Facultade.

É de salientar a construción da nova residencia universitaria, no actual Campus Sur, nos terreos onde tivera lugar a Exposición Rexional de 1909, cun proxecto que viña de 1926, cando era reitor Luís Blanco Rivero. Baixo o mandato de Ca-



Facultade de Medicina durante a súa construción nos anos 20. Fotografías de Ksado.



Logotipo do Seminario de Estudos Galegos.



Membros do Seminario de Estudos Galegos durante unha xornada de traballo en Lalín en 1934.

Elección de Ramón Otero Pedrayo como presidente do Seminario de Estudos Galegos, o 30 de maio de 1936 (Fotografía de Ksado). Sentados de esquerda a dereita: Ramón Sobrino, M. Díaz Rozas, Antón Iglesias Vilarelle, Florentino López Cuevillas, Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo, Luís Iglesias, Xesús Carro, Sebastián González, Felipe Cordero Carrete, Xosé Filgueira Valverde, Vicente Risco, Paulino Pedret e Isidro Parga Pondal. De pé de esquerda a dereita: Francisco Ogando Vázquez, Xaime Vidal Rey, Xoán López Durá, Alfonso Vázquez e A. Ramos Pérez Coleman.



darso iniciouse a construción do primeiro pavillón, completado en 1935. Este primeiro pavillón recibirá o nome do reitor como homenaxe póstuma, xa que morrera nun accidente dous anos antes. Formaba parte dun proxecto integral: a creación dunha Residencia de Estudantes baseada nos principios defendidos pola Institución Libre de Enseñanza. Tras o golpe militar chamouse Generalísimo Franco, mais foi recuperada a súa denominación orixinal en 1984. Cadarso prestou tamén unha especial atención á Facultade de Medicina: durante o seu mandato foi dotada do Instituto Anatómico e do seu Museo, instalados na planta baixa do edificio da Rúa de San Francisco.

A principal institución de estudo e divulgación do patrimonio cultural galego, o Seminario de Estudos Galegos (SEG), fora creada en 1923 en Compostela. Atopábase na planta baixa do Colexio de San Clemente, mais dende o curso 1930-1931 pasou a ocupar parte do antigo Colexio de Fonseca, nunha cesión que lle fai a Universidade. No salón do artesoadado instaláronse as súas coleccións de arte, arqueoloxía e etnografía galegas. Noutras dependencias estableceuse a bi-



biblioteca, a sala de traballo e os laboratorios de xeoquímica e fitopatoloxía. Por primeira vez o SEG abriu as súas instalacións ao público, con certo éxito, como amosan os talonarios conservados da súa biblioteca.

Nestes primeiros anos da década dos trinta incrementouse o número de rapaces escolarizados, de mestres, reducíronse as taxas de analfabetismo, nunha tendencia común a toda Galicia e España. A carón da nova sede do Seminario de Estudos Galegos atopábase unha institución fundamental dentro do sector educativo compostelán: a Escola Normal de Maxisterio. En 1930 creárase a Escola Normal de Mestras, un paso trascendente para a progresiva inserción da muller do ensino, lenta e custosa. Coa Segunda República os futuros mestres e mestras pasaron a educarse xuntos, ata 1945 en que se separaron de novo en dúas escolas. A educación mixta convertérase daquela nunha realidade. Neses anos xa había varias escolas pertencentes ao Concello deste tipo como as de Ario, Casas de Hedra, Garabal e Lamas de Abade. As de nenos atopábanse nas Barreiras ou nas Casas do Rego, e as de nenas en zonas como Camiño Novo, as Casas do Rego ou San Caetano. Outras escolas nacionais dependentes do Estado foron: entre as de nenos as da Calzada de San Pedro, Campo das Hortas, Loureiro, Santo Agustiño ou Sar; entre as de nenas as de Andújar-Sar, Calzada de San Pedro, Hórrero, Hospitaliño ou Pombal.

A oferta educativa para os cativos completábase con varios colexios privados: tanto para nenos (Academia Gelmírez, Academia Santiago, Hermanos Maristas, De la Medalla Milagrosa, Regional de Sordomudos y Cojos, De San Bue-



Antonio Fraguas.



Jimena e Elisa Fernández de la Vega foron as primeiras mulleres que estudaron na USC, superando a discriminación e un ambiente hostil. Nos tempos da II República a porcentaxe de mulleres na universidade incrementouse.

Grupo de nenos diante do
Instituto de ensino
secundario na Praza
de Mazarelos.



naventura, De San Luis Gonzaga ou Villaverde), coma para nenas (De la Enseñanza, Nuestra Señora de los Remedios, del Sagrado Corazón de Jesús e del Sagrado Corazón de María). De todos estes centros tivo unha especial relevancia a Academia Gelmírez, que en 1933 se trasladara dende a Algalia de Abaixo á Rúa da Conga. Dirixida por José Teijeiro Rodríguez, tivo entre os seus profesores salientables figuras culturais do momento como Camilo Díaz Baliño ou Antonio Fraguas.

No relativo ao ensino secundario, o centro principal era o Instituto situado na antiga Casa da Compañía, na Praza de Mazarelos. Durante estes anos puxo en marcha diversas iniciativas, grazas ao maior protagonismo que o goberno da República outorgou aos claustros dos institutos. En 1931 o Instituto de ensino secundario contaba con arredor de 700 alumnos e chegaría a dobrar ese número contra o final da etapa republicana, con máis dun terzo de mulleres. O Instituto tivo unha notable actividade cultural (concursos literarios, sesións de cinematógrafo, audicións musicais...), deportiva e social. En 1932 púxose en marcha un proxecto de «prácticas, bibliotecas e laboratorios». Tamén se pretendeu alugar un



Valle-Inclán, o pintor Carlos
Maside e Irene González
Barrio a carón da estatua
de Rosalía en 1935.



Antiga Facultade de Veterinaria e actual sede do Parlamento de Galicia, que funcionaba como cuartel nos anos da República.

solar para actividades deportivas e crear unha escola preparatoria, que tiña previsto comezar a funcionar no curso 1936-37 no edificio de Santo Agostiño.

Ademais dos diversos colexios que había en Santiago, era frecuente a presenza de rapaces doutros lugares de Galicia, en excursións á cidade que eran referidas a miúdo polos xornais composteláns. Entre os lugares máis visitados estaban a catedral ou a estatua de Rosalía de Castro, que se convertera nunha referencia simbólica da cultura galega e do galeguismo.

E se algo salientaba na Compostela dos anos trinta era a súa condición de centro de ensino. A compostelá Sociedad Económica de Amigos del País, fundada en 1784 e que se caracterizara polo pulo que deu ao progreso das ciencias, a técnica e as artes, nestes anos ofrecía ensinos técnicos, agrícolas, mercantís, de artes e oficios, musicais e de idiomas. Varias asociacións obreiras e relixiosas tiñan bibliotecas propias e ofrecían clases ou cursos de formación. A Escola de Veterinaria situábase na Rúa do Hórreo na actual sede do Parlamento de Galicia. Foi clausurada durante a Ditadura de Primo de Rivera, empregándose o edificio logo

Primeira Corporación
municipal republicana en 1931
(Enrique Rajoy Leloup é o 2º
pola esquerda, José Pasín
o 4º e o alcalde Raimundo
López Pol o 5º).



como cuartel militar, uso que non foi cambiado no período republicano a pesar das numerosas peticións. Tamén pechou nestes anos a vella Universidade Pontificia, Seminario dende 1932.

POLÍTICA E ASOCIACIONISMO

Nas eleccións municipais do domingo 12 de abril de 1931 os resultados outorgaron 19 asentos no Concello para os partidos republicanos fronte 11 para os monárquicos, un resultado folgado na liña do que foi habitual na maior parte das principais cidades españolas, e que levou, ante o baleiro de poder, á proclamación da Segunda República o martes 14 de abril. O novo Concello estaría presidido por Raimundo López Pol, da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), quen asumiu o poder local nun acto no que non estivo o alcalde saínte, Felipe Gil-Casares, nin ningún dos seus concelleiros. Raimundo López Pol logrou manterse tras as eleccións de novembro de 1933, as primeiras nas que as mulleres compostelás puideron exercer o seu dereito ao voto. Sería relevado do seu cargo despois dos sucesos revolucionarios



Local da Unión Obrera
no antigo edificio da
Inquisición, na Praza
de Galicia.

de outubro de 1934, que supuxeron o cambio político da práctica totalidade dos concellos galegos. O consistorio compostelán ía quedar logo en mans de concelleiros elixidos polo Gobernador Civil de xeito interino, cunha maioría do Partido Radical e cun novo alcalde na figura de Francisco Vázquez Enríquez, vello concelleiro monárquico, rexionalista na súa mocidade. Tras as eleccións xerais de febreiro de 1936 ía ter lugar a designación dunha nova xestora local, agardando unha convocatoria de eleccións municipais aprazada que nunca se produciu. O galeguista Ánxel Casal foi elixido alcalde desa Corporación.

O Concello era o lugar central da vida política santiaguesa, mais por toda a cidade espallábanse os locais de organizacións políticas, sindicatos ou asociacións profesionais. Daquela non só servían para as reunións dos seus membros, senón que a miúdo –e ante a insuficiencia do Estado en determinados ámbitos– tiñan outros usos: por exemplo, salas de lectura con biblioteca e xornais, espazos para recibir clases que ían dende a alfabetización á costura pasando por formación electoral, etc. Algúns destes locais eran o Centro Obrero (Rúa da Conga, 1), Centro Republicano Federal (Rúa Nova, 20), Centro Republicano Ra-



Varios carimbos de
sindicatos e sociedades
(Dependientes de Comercio,
Sociedade de Carpinteros
e Sindicato de Pintores).



Paraninfo da que entón era a Facultade de Letras (actual Facultade de Xeografía e Historia), no que tiveron lugar moitas das principais reunións nas que se discutiu o Estatuto.



Alejandro Rodríguez Cadarso, reitor da Universidade de Santiago entre 1930 e 1933, cando faleceu nun accidente.



dical Socialista (Rúa do Vilar, 42), Unión Regional de Derechas (Algalia de Arriba, 11), Círculo Mercantil (Preguntoiro, 23), Sociedad Económica de Amigos del País (San Clemente, 1) ou o da Cámara de Comercio (Rúa Nova, 19).

Da intensa actividade política que se desenvolveu durante a II República tivo unha especial relevancia o proceso que permitiu que fose adiante o Estatuto de Autonomía de Galicia, e no que Compostela xogou un papel crucial e determinante. Tanto o Concello na figura do seu alcalde López Pol como a Universidade impulsaron o proxecto. O reitor Cadarso era decididamente favorable ao Estatuto e en xeral na institución tiñan moita forza as tendencias galeguistas. Foi precisamente en instalacións da Universidade, como o Paraninfo ou a Facultade de Medicina, onde tiveron lugar moitas das reunións con este propósito, así como a decisiva Asemblea Preparatoria dos Concellos de Galicia, celebrada o 3 de xullo de 1932. Nesta Asemblea tomouse a decisión de constituír unha comisión redactora para o definitivo anteproxecto. Esta comisión, impulsada por composteláns como Salvador Cabeza de León, Santiago Montero Díaz ou o mesmo concelleiro da cidade Enrique Rajoy Leloup, logo secretario da Asemblea, sería a que redactou o texto aprobado pola Asemblea en decembro dese mesmo ano.

O proceso estatutario quedaría en suspenso co triunfo da dereita nas eleccións de novembro de 1933. Cancelouse a convocatoria do referendo preparado para o mes de decembro. Tras o triunfo da candidatura de esquerda en febreiro de 1936, de novo a cidade de Santiago converteríase no centro animador do plebiscito popular do Estatuto, que sería aprobado tras a votación do 28 de



Participantes nunha
asamblea a prol do Estatuto
galego no Concello de
Santiago. Colección privada.

xuño. O texto foi levado ás Cortes madrileñas en xullo para cumprir o derradeiro requisito constitucional e a aprobación definitiva a cargo dunha nutrida delegación na que estaba o alcalde compostelán, Ánxel Casal.

O proceso político local destes anos levou a algúns episodios illados de violencia. Os incidentes entre grupos de esquerdas e dereitas foron habituais na loita polo control do espazo simbólico urbano. O centro histórico era o lugar elixido, tanto pola súa condición simbólica como pola localización de centros das organizacións políticas e a celebración de actos. O centro da cidade é a tensión, o pulso, a vida da cidade. Como exemplos, o conflito á saída dun mitin antirrepublicano organizado no Salón Teatro en marzo de 1932 polos sectores tradicionalistas –moi rele-



Ánxel Casal, propietario da
imprenta Nós. Foi elixido
alcalde de Santiago de
Compostela o 23 de febreiro
de 1936. Sería asasinado en
agosto dese mesmo ano.



Cidadáns de Compostela á
espera de emitiren o seu voto
para o Estatuto de Autonomía
de Galicia (1936).



José Antonio Primo de Rivera e Otilia Ulbricht na porta da farmacia do seu marido Víctor Muñoz. Este matrimonio foi fundamental para que Falange dira os seus primeiros pasos en Compostela.

vantes na cidade– que foron contestados á saída por un grupo comunista nun enfrontamento verbal que acabou a tiros aínda que sen lamentar vítimas. Ou as loitas entre os sindicatos estudiantís SEU (Sindicato Español Universitario, falanxista) e FUE (Federación Universitaria Española, republicana). Malia a presenza do SEU, o peso de Falange en Santiago era moi reducido antes do golpe de Estado. Na súa farmacia, o falanxista Víctor Muñoz recibiu a José Antonio Primo de Rivera o 16 de marzo de 1935, improvisando alí un mitin ante arredor dun cento de persoas.

Mais quizais a maior marea de fondo do descontento coa democracia republicana viña dos numerosos sectores católicos locais, non conformes co seu proxecto laico. En numerosas ocasións a celebración dos ritos relixiosos contradecía as ordenanzas municipais en materia de orde pública, o que obrigaba aos representantes locais a aplicar medidas. Un dos feitos máis recordados na memoria destes anos foi a manifestación de mulleres que tivo lugar o 30 de maio de 1936. O alcalde Ánxel Casal ordenou disolvela para evitar incidentes ante a previsible organización dunha contramanifestación. Co obxectivo de non provocar un maior incremento da



Francisco Franco saudando na porta da catedral en 1938. Acompáñao a súa dona, Carmen Polo, e o arcebispo de Santiago, Tomás Muñiz Pablos.




Condecoración en Santiago
ao xeneral golpista Aranda
en 1939.

tensión entre os grupos, decidiuse disolvela coa manga dun camión de bombeiros. Segundo o testemuño do prolífico creador Isaac Díaz Pardo, a grande tensión con estes sectores procedía da política educativa do Goberno, e o detonante fora a retirada do crucifixo das aulas das escolas.

O GOLPE E AS SÚAS CONSECUENCIAS

O 17 de xullo soaron os primeiros disparos contra a legalidade republicana nos cuarteis de Marrocos, nun proceso de sublevación que intentaba rematar en días coa toma de Madrid, mais que deu lugar a case tres anos de Guerra



Debuxo de Francisco Vázquez
Díaz «Compostela» da manifes-
tación de protesta pola retirada
do crucifixo das escolas (1936).

Celebración da festividade do
Corpus Christi na cidade
(Fotografía de Ksado).



Civil. En Santiago, como en todas as cidades españolas, as primeiras horas deste proceso foron vividas con grande incerteza e nerviosismo, coa mobilización dos corpos de seguridade sen unha orientación clara. Perante o confuso das novas que chegaban, foi numerosa a xente que se congregou fronte ao Concello para coñecer algo máis do que acontecía.

Entre os primeiros movementos do poder local republicano estivo a convocatoria dunha reunión urxente polo socialista Fernando Barcia, presidente do Comité Local da Fronte Popular. Tomáronse algunhas medidas como o asalto ao Cuartel de Artillería –que hoxe ocupa o Parlamento de Galicia–, que non foi realizado, a convocatoria dunha folga xeral, o arresto preventivo de falanxistas e sectores da dereita radical, ou a entrega das armas da Garda Civil. Esta última circunstancia fora aprobada polo Consello de Ministros xa tarde para ser executada na noite do 19 de xullo. Pouco máis se puido facer que a requisa das armas dalgúns tendas ou da Guardia de Seguridade. Tamén se procedeu á incautación dos



locais implicados na sublevación como o das Juventudes de Acción Popular e tamén da CEDA, no primeiro piso enriba da farmacia Bescansa.

O Concello intentou mobilizar a gornición do Cuartel de Artillería, que mandaba Bermúdez de Castro, pero este mantívose á marxe sinalando que tiña que manter a orde mentres agardaba instrucións da Capitanía Xeral da Coruña. Malia isto, o día 20, dende o intre en que se coñece a extensión total da sublevación e, sobre todo, o sinal que se agardaba dende os acuartelamentos herculinos, os elementos de esquerda composteláns intentan tomar a iniciativa. Mineiros de Sanfins e Lousame (Noia) chegaron á cidade e tentaron asaltar casas e algunhas igrexas, como Santa Susana ou San Francisco, pero desistiron pola mediación do líder obreiro José Pasín Romero. Tamén debateron coas xuventudes de esquerda da cidade sobre a posibilidade de atacar o Cuartel ou a Catedral. Ao final, coas novas que chegaban dende A Coruña de que se precisaba axuda para deter a sublevación, os chegados de Noia xunto con esquerdistas composteláns conformaron un grupo duns cen homes que saíu cara á cidade herculina, pero pouco puideron facer, xa que o centro da Coruña xa estaba tomado polas tropas sublevadas. Nese grupo estaba un Isaac Díaz Pardo que apenas tiña 16 anos. Outra iniciativa armada a prol da República foi o coñecido como Tercio de Calo, un grupo de obreiros e campesiños dos arredores de Santiago que conseguiron ocupar o edificio de teléfonos e telégrafos: o día 22 intentaron sen éxito asaltar o tren Vigo-Santiago. O seu líder era Juan Jesús González Fernández, canteiro, mestre, avogado, escritor e xornalista. Foi detido, condenado a



Juan Jesús González Fernández, líder do Tercio de Calo, foi corresponsal de xornais como *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra* ou *El Compostelano*. El e Arturo Cuadrado foron propietarios da librería Niké, editora de *Resol: hojilla volandera del pueblo*.



Xosé Pasín Romero (1878-1960), compostelán e militante republicano, fundador o 7 de xullo de 1916 da *Federación de Obreiros y Agrarios de Santiago*.

Entrega do Estatuto de
Autonomía de Galicia en
Madrid no Pazo das Cortes,
o 15 de xullo de 1936.



morte e fusilado en Boisaca o 12 de setembro. O mesmo luns 20, Ánxel Casal volve de Madrid tras a entrega do Estatuto de Autonomía ao Goberno republicano. Volve para facerse cargo da Alcaldía da que dimitira o día 9 xunto con outros concelleiros do Partido Galeguista por circunstancias de política interna (ese breve período substituírao José Germán Fernández, de Izquierda Republicana). O retorno de Casal ao consistorio era unha resposta á petición do Comité Local de Defensa do día anterior, que confiaba no antigo edil para recuperar a orde. Non abundou. Na madrugada do 20 ao 21 as tropas acuarteladas na cidade xunto ás forzas da Garda Civil e grupos de voluntarios doutras formacións políticas de dereitas saíron á rúa e tardaron pouco en ocupar lugares clave: Concello, Correos, Telefónica ou Radio Galicia. O día 21 as principais entradas á cidade, como Porta Faxeira, Camiño Novo, Porta da Mámoa, Porta do Camiño ou San Roque foron protexidas con metralladoras e sacos terreiros. Casal vese forzado a ceder o mando ao comandante Bermúdez de Castro. Así, os sublevados facíanse co control da cidade despois de



Camilo Díaz Baliño.



enfrentarse a unha resistencia ao golpe feble e pouco organizada. O comandante Manuel García Diéguez converteuse no novo presidente da Xestora Municipal.

O triunfo da sublevación militar en Santiago foi rápido, sen case resistencia. Mais de xeito inmediato tivo lugar unha durísima represión que ía levar ao asasinato dun nutrido grupo de persoas relevantes en distintos ámbitos. A democracia, o debate, o mundo da cultura e do ensino... foron sinalados, sospeitosos. Só tres exemplos significativos desta represión: o alcalde Ánxel Casal, ao que se lle prometera que salvaría a vida cando entregou o poder, pero que foi detido en Arzúa o 4 de agosto e «paseado» pouco despois en Cacheiras, onde apareceu nunha cuneta o día 19; o artista Camilo Díaz Baliño, galeguista e católico, sacado da Falcona o 13 de agosto e asasinado o día seguinte en Palas de Rei; e Marcial Villamor, destacado líder obreiro, que se agochou e fuxiu cara a Asturias, pero foi recoñecido e paseado o 28 de setembro de 1937 en Guntín (Palas de Rei). Ademais dos “paseos” hai que ter en conta tamén todos aqueles asasinatos que se



Marcial Villamor foi un activo sindicalista, membro da CNT e representante do “Sindicato de Carpinteros y similares” de Santiago. Tamén foi o fundador do Ateneo Libertario.



Monumento á entrada do cemiterio de Boisaca en memoria das persoas fusiladas na Guerra Civil.



Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, na ofrenda floral que tivo lugar na Estivada da Ribeira (Montouto), no acto de lembranza a Ánxel Casal preto da curva na que apareceu tras ser asasinado na noite do 18 ao 19 de agosto de 1936. Tiña 40 anos.



As irmás Maruxa e Coralía, popularmente coñecidas como «As Mariás», símbolo da represión e a resistencia silenciosa na cidade. Fotografía: J. Guitián.

cubriron dunha presunta legalidade, da aplicación dunha “xustiza ao revés” –onde o que se tiña que demostrar era a inocencia, non a culpabilidade–, en consellos de guerra coa acusación de “rebelión militar” que deixaron un bo número de fusilados nas paredes de Boisaca.

Todos eles conformaron un recordo dramático; unha memoria que aínda doe; unha pegada que aínda se mantén, que modula un determinado modelo de sociedade, cativa, pequena, ruín, precavida, temerosa, escasamente participativa... Un manto húmido e triste invadiu a pedra de Compostela, a mesma que comenzaba a secarse tras a saída do sol. Os vínculos comunitarios xa nunca máis serían o mesmo. A fractura interna da sociedade; a división entre vencedores e vencidos; a creación dun novo xeito de vivir en todas as comunidades que quedaron case de xeito inmediato controladas polos golpistas, así se constituíu Compostela. As pegadas do futuro, que nunca están escritas. Sen isto as ‘Dúas Mariás’ nunca existirían: só serían as irmás do sindicalista Fandiño, nada máis.

BIBLIOGRAFÍA

- Anuario Bailly-Baillere, anos 1933 e 1935.
- CABO, J. L.: *Cinematógrafos de Compostela. 1900/1986*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.
- CABO VILLADERDE, J. L., COSTA BUJÁN, P., *Compostela, memoria fotográfica*, Ara Solís, Santiago de Compostela, 1996
- COSTA RICO, A.: *Escolas e mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á II República*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989.
- GRANDÍO SEOANE, E.: *A Segunda República en Galicia: memoria, mito e historia*, Nigra Trea, Vigo, 2010.
- GRANDÍO SEOANE, E.: *Anos de odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939)*, Deputación da Coruña, A Coruña, 2007.
- IGLESIAS AMORÍN, A.: «Santiago en la Edad Contemporánea: de ciudad en decadencia a capital de Galicia», en LÓPEZ-MAYÁN, M., CASTRO, B.: *Historia de Santiago de Compostela*, Vía Láctea, Santiago de Compostela, 2012.
- IGLESIAS AMORÍN, A.: *A Galicia da II República*, Lóstrego Edicións, Santiago, 2010.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M. B.: «Debuxos de «Compostela»», en VV. AA.: 1935-1936. «Compostela». *Berros, oficios, servizos, cerimonia e sucesos*, Xunta de Galicia, Santiago, 2002. Pp. 63-128.
- MANEIRO VILA, A.: «Unión Radio Galicia. A emisora do Estatuto», en *Grial*, nº 180, pp. 28-35.
- MATO, A.: *O Seminario de Estudos Galegos*, Edicións do Castro, Sada, 2011.
- MATO, A. (Ed.): *Ánxel Casal, un editor para un país*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2007.
- PEREIRA, D.: *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, A Nosa Terra, Vigo, 1992.
- PINTOS BARREIROS, M. G.: *A lume lento. Cen anos de hostelería en Compostela*, Consorcio de Santiago, 1999.
- PORTO UCHA, A. S.: *A Escola Normal de Santiago de Compostela: De Escuela Normal Superior a Escola Universitaria*, USC, Santiago de Compostela, 2000.
- ROMERO MASÍA, A., PEREIRA MARTÍNEZ, C.: Xaime Quintanilla Martínez. *Vida e obra dun socialista e galeguista ao servizo da República*, Fundación Luis Tilve, Santiago, 2011.
- SEIXAS SEOANE, M. A.: *Ánxel Casal*. Departamento de Educación do Concello de Santiago, Santiago, 2000.
- SOENGAS, X.: «75 anos de radio en Galicia», en *Grial*, nº 180, pp. 19-27.
- TOJO RAMALLO, J. A.: *Fiestas del Apóstol. 1500-1985*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 1996.
- VARELA, I.: *La Universidad de Santiago de Compostela. 1900-1936*, Edicións do Castro, Sada, 1989.
- VÁZQUEZ SOUZA, E.: *Ánxel Casal (1895-1936). Biografía no seu contexto cultural, político e empresarial*, tesis doctoral inédita, Universidade da Coruña, 2010.
- VILLARES, R.: «Compostela nos tempos da II República», en VV. AA.: 1935-1936. «Compostela». *Berros, oficios, servizos, cerimonia e sucesos*, Xunta de Galicia, Santiago, 2002, pp. 23-54
- VILLARES, R.: «La ciudad de los dos apóstoles (1875-1936)», en PORTELA SILVA, E. (coord.), *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2003, pp. 477-557.
- VV. AA., *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela :1784-2006*, Real Sociedad Económica de Amigos del País, Santiago de Compostela, 2006.
- VV. AA.: *Pasado e presente do Instituto Xelmírez*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1997.
- VV. AA.: Rodríguez Cadarso: *Un reitor para un país*, USC, Santiago de Compostela, 2008.

ANEXOS

Debuxos de Francisco Vázquez Díaz «Compostela».

O escultor compostelano Francisco Vázquez Díaz (1898-1988) adoptou o alcume de “Compostela”. Foi un dos artistas máis comprometidos coa causa republicana, e membro do Sindicato de Profesionales de las Bellas Artes.

Nas estampas que se recollen de seguido contémplase a vida cotiá de Compostela na II República, amosando diversos rasgos da sociedade tradicional da cidade.



Apertura do curso (1935).



Baile no Casino (1936).



Casino de Santiago (1935).



Saída da comitiva da Ofrenda (1935).



Os delegados do Estatuto (1936).



Día de visita no Hospital (1935).



Excursión escolar (1936).



Manifestación de protesta pola retirada do crucifixo das escolas (1936).



Misa nas Ánimas (1935).



Peregrinación estranxeira (sic.) (1935).



Sancho recomendando médico (1936).



Rapazas do Colexio da Ensenanza (1936).



Cursillistas diante da Escola Normal de Maxisterio (1936).




Claustro na Universidade (1935).

Listaxe de concelleiros das corporacións municipais compostelás durante a Segunda República.

Nome	1931	1932	1935	1936
Raimundo López Pol	Alcalde	Alcalde	Concelleiro	Concelleiro
José Pasín Romero	1º Tenente	1º Tenente		
Manuel Trillo Garriga	2º Tenente	Concelleiro		
Santiago Auriguiberry Pena	3º Tenente	3º Tenente		
José Buján Casal	4º Tenente	Concelleiro	Concelleiro	
Enrique Rajoy Lelup	5º Tenente	Concelleiro	Concelleiro	
Andrés Suárez Rodríguez	6º Tenente	6º Tenente		Concelleiro
Jesús López de Rego Labarta	7º Tenente	7º Tenente	Concelleiro	
Laureano Santiso Girón	Procurador Síndico	Síndico		
José Alonso Vieites	Procurador Síndico 2º	Síndico		
Alfredo Antelo González	Concelleiro	Concelleiro		
Tomás González Pérez	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
José Puente Castelao	Concelleiro	Concelleiro		
Jesús San Luis Romero	Concelleiro	2º Tenente	Concelleiro	
Santiago Moure Pose	Concelleiro	4º Tenente		
Enrique Buján Casal	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
Emilio Méndez Bartolomé	Concelleiro	Concelleiro	2º Tenente	
Perfecto Fontán Fontán	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
Felipe Gil Casares	Concelleiro	Concelleiro		Concelleiro
Antonio Domínguez Nieto	Concelleiro	Concelleiro		2º Tenente
Manuel Bao Souto	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
José Arijón Gende	Concelleiro	Concelleiro	3º Tenente	
Luis Villar Somoza	Concelleiro	Concelleiro	5º Tenente	
Manuel Lago Aller	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
Mateo Carballal Calvo	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
Javier Lago Barreiro	Concelleiro	Concelleiro		
Isolino López García	Concelleiro	Concelleiro		
Joaquín Barrio Leis	Concelleiro	Concelleiro	6º Tenente	
Rafael Vaamonde Mourenza	Concelleiro	5º Tenente	Concelleiro	
Plácido Castelo Losada	Concelleiro	Concelleiro		
Luciano Villar Lorenzo	Concelleiro	Concelleiro	Concelleiro	
José Vilarinho de Andrés Moreno	Concelleiro	Concelleiro		
Francisco Vázquez Enríquez			Alcalde	
Braulio Amaro Gómez			1º Tenente	
Arturo Cervigón Díaz			4º Tenente	
Joaquín Arias Sanjurjo			7º Tenente	



Ángel Villar Pellit		1º Síndico		
Juan Barral Torreira		2º Síndico		
Antonio González Botas		Concelleiro		
Ramón Blanco González		Concelleiro		
Sabino Uribe Fernández		Concelleiro		
Ángel Moure Gómez		Concelleiro		
Ramón Rey Rey		Concelleiro		
Juan Lorenzo Moure		Concelleiro		
Manuel Tojo Otero		Concelleiro		
Manuel Porto Iglesias		Concelleiro		
Manuel Reboredo Fernández		Concelleiro		
Juan Brañas Cancelo				2º Síndico
Francisco Barreiro Saláño				Concelleiro
José Toba Fernández				3º Tenente
Juan López Durá				1º Síndico
Ánxel Casal Gosenge				Alcalde
José Teijeiro Rodríguez				Concelleiro
José Antonio Ochoa Arias				Concelleiro
Domingo Rozas Liste				Concelleiro
Luciano Villar Sánchez				6º Tenente
Modesto Nogueira				Concelleiro
Manuel Rodo Sánchez				4º Tenente
Elías Arias Parga				Concelleiro
Alfonso Pazos García				Concelleiro
Generoso García Souto				Concelleiro
Ramón Varela Liñeira				Concelleiro
José Miguel Alcalde				Concelleiro
José Rey Vilouta				5º Tenente
José Germán Fernández				1º Tenente
Juan Dopico Vázquez				Concelleiro
Ezequiel Rey Turnes				Concelleiro
Sebastián González García				Concelleiro
Antonio Barreiro				Concelleiro
Manuel Martínez García				7º Tenente
Tiberio Basalo Murias				Concelleiro
Manuel Calvo Guerra				Concelleiro
Cecilio Alonso Tejedor				Concelleiro
Santiago Rosende Calviño				Concelleiro
Manuel Maza Cardama				Concelleiro



Roteiro

- 1 – Praza do Obradoiro (Concello, cárcere Falcona, Escola Normal, Hospital Xeral Provincial)
- 2 – Praziña de Fonseca (Universidade, Seminario de Estudos Galegos)
- 3 – Rúa do Vilar (Imprenta Nós)
- 4 – Rúa do Vilar (Café Casino e Gran Café Español)
- 5 – Praza do Toural (Local da CEDA e logo das JAP, lugar de mobilización)
- 6 – Rúa Nova (Salón Teatro)
- 7 – Rúa Nova (Centro Republicano)
- 8 – Rúa da Conga (Academia Xelmírez)
- 9 – Rúa da Conga (Centro Obreiro)
- 10 – Praza da Universidade (Radio Galicia, Facultade de Historia)
- 11 – Rúa Cardeal Payá (Hotel Suízo)
- 12 – Rúa das Orfas (Caixa de Aforros e Monte Piedade)
- 13 – Porta da Mámoa (Derby, Hotel Compostela, sanatorio do doutor Villar)
- 14 – Rúa do Hórreo (Armería Toribio, Cuartel)
- 15 – Porta Faxeira (Durante o golpe defendeuse con sacos e ametralladoras como outros puntos)
- 16 – Alameda (As Marias)
- 17 – Rúa do Preguntoiro (Local dos Caballeros de Santiago)
- 18 – Rúa da Algalia (Local da Unión Regional de Derechas)
- 19 – Rúa de San Francisco (Facultade de Medicina)
- 20 – Campus Sur (Residencia Universitaria)





SANTIAGO PLAZA DE ABASTOS

3017

ES PROPIEDAD

